



EL PROGRESO

COMARCAS

A Mariña

A Chaira

Comarca de Lugo

A Montaña

A Ulloa/Melide

Sarria

Ribeira Sacra

Portada

Lugo Cidade

Cultura

Deportes

Galicia

España

Mundo

Opinión

Economía

Videos

Motor

-A A+

Música

Os acordes de Titanic e Braveheart, interpretados por un cento de rapaces

Etiquetas: música, Santiago, Pontevedra

30/06/2007 - AGN/Xeración (Santiago)

Case un cento de rapaces e mozos tomarán esta noite a compostelá praza do Obradoiro para ofrecer un multitudinario concerto. No programa: as bandas sonoras orixinais de filmes tan coñecidos como *Titanic*, *Braveheart* ou *Piratas del Caribe*.

En total son máis de 90 rapaces e mozos de entre 8 e 25 anos, pertencentes á Asociación Cultural Musical Solfa de Santiago, á Banda da Escola de Música de Rianxo e á Banda da Agrupación Músico-Cultural de Ribadumia.

Todos eles participaron no campamento 'Musigalizando', no que os participantes compartiron experiencias en torno a unha afección común: a música. No Albergue Xuvenil de Gandarío, no concello coruñés de Bergondo, desenvolveron diversas actividades de tempo libre, alternando o lecer en contacto coa natureza con ensaios para preparar o repertorio do concerto.

Este recital é o cumio de meses de traballo conxunto, que comezou alá polo mes de xaneiro, cando comezaron xa os traballos previos ao campamento. A idea, que agora ven realizada, era executar un gran recital, só posible grazas á colaboración, posto que por separado ningún dos grupos contarían cos medios humanos e instrumentais necesarios para abordar o concerto.

Esta noite a partir das 22 horas, o resultado poderá verse en directo en Santiago na Praza do Obradoiro. Mañá, o recital repetirase á mesma hora na Praza do Teucro en Pontevedra.

4'0 (3 votos)

¿Comentas?

Interésanos a túa opinión, pero 'con sentidiño'. Nada de insultos nin descalificacións.

Borraranse todos os comentarios que, con criterio subxectivo como en toda web, se consideren inadecuados